



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DA CONTINUIDADE NOS TRABALLOS DE REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de dirección e coordinación das actuacións en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos exercer, entre outras, as funcións de:

- Definición, programación e execución da política de ordenación do territorio e urbanismo da Xunta de Galicia, así como a elaboración das disposicións que procedan.
- Elaboración de plans, proxectos, estudos e instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo.
- Fomento do planeamento e da actividade urbanística.

2.- Antecedentes.

As administracións urbanísticas asinantes son conscientes, de que a notificación ao Concello da Sentenza do Tribunal Supremo do día 10.11.2015, Recurso de Casación núm. 1658/2014, que declara a nulidade do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, con aprobación definitiva parcial mediante Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia do día 16.05.2008 (anuncio publicado no DOGA do día 03.06.2008 e normativa publicada no BOP num. 151-anexo do día 06.08.2008) e aprobación definitiva mediante Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do día 13.07.2009 (anuncio publicado no DOGA do día 24.07.2009 e normativa publicada no BOP do día 10.09.2009) tivo como consecuencia directa a vixencia do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo aprobado definitivamente mediante acordo da Xunta de Galicia do día 29.04.1993, publicado mediante Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do día 04.05.1993 (DOGA 10.05.1993) como “Subsanación de deficiencias da adaptación do PXOU 1988 á Lei Galega 11/1985” (LASGA); e, consecuentemente da necesidade urxente de elaborar un novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo adaptado ó novo marco xurídico estatal e á Lei do Solo de Galicia, que de





unha resposta adecuada ós problemas urbanísticos existentes, coa perspectiva de procurar un desenvolvemento urbanístico equilibrado e sostible e contribuir ó progreso económico e social de Vigo e mellora-la calidade de vida dos cidadáns.

3.- Finalidade

A actuación obxecto do acordo constitúe unha principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e para estes efectos tense previsto formalizar co concello de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2021.

4.- Obxecto

O obxecto do convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, para a **“continuidade nos traballos de redacción da revisión do Plan Xeral de ordenación Municipal do concello de Vigo”**

5.- Fundamentos do instrumento convencional

Constitúen as razóns de oportunidade, as manifestacións do concello en canto considera necesaria e prioritaria a redacción da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal co obxecto de que o novo municipio de Vigo dispoña dun documento urbanístico adaptado á lexislación vixente en materia de solo e ordenación do territorio.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

María Encarnación Rivas Díaz

Por delegación de sinatura. (Resolución de 19 de outubro de 2017)

A subdirectora de Ordenación do Territorio

María Gil Liñares

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

